

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO DO CONCELLO DAS NEVES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA , DINAMIZACIÓN COMERCIAL E DIXITALIZACIÓN DO COMERCIO RETALLISTA . EXERCICIO 2025

A presente convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva, formalízase de acordo co establecido na Ordenanza reguladora do réximen xurídico das subvencións outorgadas polo Concello das Neves aprobada en sesión plenaria de data 13 de febreiro de 2018 e publicada no BOPPO número 76 de 16 de abril de 2018, e ao amparo da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e la Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Primeira. Obxecto da convocatoria

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública por parte do Concello de As Neves para a tramitación e concesión de subvencións, mediante o procedemento común en réximen de concorrència competitiva, ás asociación de empresarios e comerciantes do Concello para impulsar accións de dinamización, programas de formación, actividades de promoción económica local e actividades de dixitalización do comercio retalista local que se realicen ou fosen realizadas durante o período comprendido dende o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro de 2025 (ambos incluídos).

Segunda.- Actividades e Gastos Subvencionables.

1.- As actividades subvencionables nesta convocatoria son:

- Actividades de difusión, promoción e apoio do tecido empresarial local.
- Actividades de formación (organización de cursos, congresos, exposiciónes, talleres, xornadas, seminarios...)
- Accións de dinamización da actividade económica local.
- Actividades de dixitalización do pequeno comercio retalista para a incorporación das Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC) ao sector comercial.
- Implemetación de ferramentas tecnolóxicas que promovan ou melloren a conectividade cos clientes, a relación comercio-cliente ou o traballo colaborativo de establecementos comerciais que se centren no aumento directo das vendas ou na mellora da conectividade cos clientes. xa sexa a través de APPs, sistemas de fidelización, software específico, sistemas baseados en proxectos de rede ou outros dispositivos.
- Realización de mercadiños ou outras accións de dinamización comercial na vía pública ou en recintos específicos impulsados pola entidade nas que se estableza unha participación dirixida á veciñanza e consumidores.

2.- Son gastos subvencionables aqueles que respondan de maneira inequívoca á realización das actividades subvencionables e que se teñan realizado ou se realicen entre o 1 de novembro do 2024 e o 31 de outubro de 2025 (ambos incluídos) que se deriven dos seguintes conceptos :

- Publicidade en radio, televisión, prensa, teléfono, SMS e aplicacións para



- teléfonos móbiles e smartphones, Internet, blogs e redes sociais ou outros soportes.
- Deseño, impresión, execución e distribución de carteis, folletos, revistas, boletíns e vídeos relacionados coas campañas de promoción.
 - Dotacións ou servizos necesarios para o bo funcionamento da acción dinamizadora, tales como o aluguer da infraestrutura (carpas, stand, equipos de son, etc.), e os seguros de responsabilidade civil derivados da actividade de dinamización.
 - Contratación de consultoras que impartan conferencias, charlas ou ponencias, sen valor formativo regrado, dirixidas ao sector do comercio retalista, en materias tales como ferramentas e métodos de fidelización de clientes, merchandising, escaparatismo, ou marketing relacional.
 - Formación, presencial ou a distancia, relacionada coas boas prácticas por parte das empresas de comercio e os seus traballadores en materia de manexo de EPIs e tarefas de prevención de riscos, hixiene e limpeza no establecemento comercial .
 - A contratación de persoal técnico en novas tecnoloxías e redes sociais, que presten os seus servizos ás asociacións na dixitalización e xestión de produtos en plataformas de comercio electrónico propias o alleas, ou naquelas plataformas que teñan un sistema de fidelización personalizado para o consumidor, con xeración de beneficios por compra realizada e análise de resultados.
 - Contratación de actividades formativas relativas a: Marketing e vendas (Técnicas de venda, Marketing digital, redes sociais para negocios, E-commerce) Gestión empresarial (Gestión financeira básica, Gestión de cadena de suministro) así como temas específicos para o pequeno comercio como (Organización do punto de venda, Escaparatismo, Empaquetado, Prevención de riesgos laborais)
 - Custos de remodelación de portais web e comercio electrónico.

2.- Especificamente quedan excluídos os gastos derivados de:

- Premios ou agasallos promocionais e formais.
- A compra de locais ou opcións de compra.
- O importe do IVE non será subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación por parte da entidade.
- Gastos correntes de estrutura de entidades sen ánimo de lucro.
- Alugueros.
- Bonificacións e gastos de desprazamento, viaxes, manutención, aloxamento e atención protocolaria.

Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.

Terceira.- Financiamento da convocatoria. Compatibilidade, Contía e límites.

O crédito asignado á presente convocatoria con cargo a aplicación orzamentaria 4312.48 do Orzamento do Concello das Neves para o exercicio 2025, ascende á cantidade de 2.000,00 €

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, toda vez que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100% do orzamento que presente a asociación ou entidade solicitante.

A axuda máxima por entidade beneficiaria en ningún caso poderá exceder do 80% do



orzamento total presentado sobre os gastos subvencionables..

Cuarta.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias da presente convocatoria de subvención ás asociacións de empresarios e comerciantes do Concello, xuridicamente constituídas, que promovan actuacións obxecto desta subvención e cumpran os seguintes requisitos:

fiscal no Copncellomdas Neves

A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos directamente relacionados con proxectos ou actividades concretas en individualizadas tal e como se define na Base segunda e que se realicen ou fosen realizadas durante o período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro de 2025 (ambos inclusive)

Quinta.- Requisitos dos/as solicitantes e beneficiarios/as

Poderán solicitar subvención á presente convocatoria ás asociacións de empresarios e comerciantes do Concello, xuridicamente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Ter a sede social e o domicilio fiscal no Concello das Neves
- Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal.
- Non estar pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica concedida polo Concello das Neves.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa facenda pública (AEAT), coa Xunta de Galicia, coa Tesourería de Seguridade Social e co Concello das Neves.
- Non estar incursas en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración Pública previstas no art. 13 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro.

Só se poderá conceder unha subvención por cada entidade. Para estes efectos, consideraranse unha soa entidade todas aquelas nas que as socias e socios ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50 %, e vinculadas, nos termos establecidos na LXS e nas súas normas de funcionamento e as que puidesen encaixar no concepto de grupo, nos termos dispostos no Código de comercio.

Os solicitantes, para obter a condición de beneficiarios deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os solicitantes deberán declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para o 2024 e 2025.

Sexta. Solicitude e documentación a achegar

ás asociacións de empresarios e comerciantes do Concello que estean interesadas en optar á concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria, deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:

- ANEXO I: Impreso oficial de solicitude, que irá acompañado da documentación



que nel se indica.

- ANEXO II: Certificación do acordo de solicitude, nomeamento de representante para as relacións co Concello e número de socios.
- Memoria que describa a actividade ou actividades para as que se solicita a subvención, debendo incluír a máxima información posible para poder avaliar a solicitude pola Comisión de avaliación, de acordo cos criterios de avaliación recollida na Base Décima Primeira da Convocatoria

Sétima. Lugar e prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes é de quince (15) días naturais, a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) Esta convocatoria publicárase na páxina web do Concello.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación que se señala na Base sexta, electronicamente na sede electrónica do Concello de As Neves, <https://concelloasneves.sedelectronica.gal>

Oitava. Procedemento de concesión.

A concesión das subvencións realizarase polo sistema de concurrencia competitiva, que se iniciará de oficio tras a aprobación da presente convocatoria e bases pola Xunta de Goberno Local das Neves.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento serán realizados electronicamente, a través da sede electrónica do Concello das Neves

A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponderá ao Concelleiro Delegado de Marketing e Comunicación, Turismo, Comercio e Parques e Xardíns e un/unha empregado/a municipal, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se formule a proposta de concesión.

Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle ao interesado, de conformidade co establecido no artigo 68 da LPACAP, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que se así no o fixera, considerárase por desistida a solicitude.

Comprobado polo órgano instructor que as solicitudes cumpren os requisitos esixidos nas



presentes bases tanto para obter a condición de beneficiario/a como polo cumprimento da achega da documentación requirida para participar no proceso de concesión, se dará traslado dos expedientes de solicitude á Comisión de avaliación para que efectúe a correspondente avaliación.

A Comisión de avaliación estará integrada polo Alcalde ou Concelleiro/a en quen delegue, Concelleiro/a da área e un/unha empregado/a municipal, que actuará como secretario/a.

Avaliadas as solicitudes, segundo os criterios regulados nas presentes bases (Base decimo primeira), formularase informe-proposta na que se concrete o resultado da avaliación.

Corresponde á Xunta de Goberno Local, á vista do informe-proposta da Comisión de Avaliación, resolver sobre a concesión/denegación das solicitudes de subvención.

A resolución será motivada e conterá:

- Relación de solicitudes concedidas (orçamento, axuda solicitada e importe porposto da axuda a conceder)
- Relación de solicitudes desestimadas facendo constar os motivos da mesma.

En todo caso procederase a ditar resolución de otorgamento da subvención no prazo máximo de dos meses a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

A resolución que se adopte pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderase interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso ante o xulgado do contencioso administrativo.

As notificacións de resolución practicaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rechazada transcurridos dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sin que se acceda ao seu contido.

Décima.- Aceptación da subvención e compromisos.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os/as beneficiarios/as das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os/as beneficiarios/as, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo órgano instructor e facilitará tanta información lle sexa requirida.

Décima Primeira. Criterios de avaliación

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases valoraranse pola Comisión de avaliación.



Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a Comisión de Avaliación valorará cun máximo de 70 puntos, tendo en conta os seguintes criterios de avaliación:

1.- Fomento e promoción do asociacionismo e calidade empresarial atendendo ao número de actividades de difusión, promoción e apoio o tecido empresarial desenvolvidas ou proxectadas de xeito conxunto con outras entidades (Ata 15 puntos):

- a). Unha actividade (5 puntos)
- b). De 2 a 3 actividades (10 puntos)
- c). Mais de 3 actividades (15 puntos)

2.- Grao de interese xeral ou sectorial da actividade que se propoña realizar e a súa coordinación e complementariedade cos programas municipais. (Ata 10 puntos):

- a). Coordinación e complementariedade con un programa municipal (3 puntos)
- b). Cordinación e complementariedade con dous ou tres programas municipais (5 puntos)
- c). Coordinación e compremmentariedade con mais de tres programas municipais (10 puntos)

3.- Número de posibles beneficiarios/usuarios directos (participantes nas actividades de promoción e dinamización comercial e dixitalización comercial). (Ata 10 puntos):

- a). Ata 5 participantes (5 puntos)
- b). De 6 a 10 participantes (8 puntos)
- c). Mais de 10 participantes (10 puntos)

4.- Número de actividades ou eventos organizados pola asociación solicitante ao longo do período subvencionable relativos a promoción e dinamización comercial e dixitalización do pequeno comercio. (Ata 15 puntos):

- a). Unha actividade ou evento (5 puntos)
- b). De 2 a 3 actividades ou eventos (10 puntos)
- c). Mais de 3 actividades ou eventos (15 puntos)

5.- Impartición de cursos dirixidos ao pequeno comercio detallista relacionados con Marketing e vendas, Gestión empresarial, así como cursos relacionados coa Organización do punto de venda, Escaparatismo, Empaquetado, Prevención de riscos laborais. (Ata 10 puntos):

- a). Impartición dun curso (3 puntos)
- b). De 2 a 3 cursos (5 puntos)
- c). Máis de 3 cursos (10 puntos)

6.- Uso e fomento da lingua galega no ámbito de actuación de cada entidade. (10 puntos)

Décimo Segunda. Obrigas dos beneficiarios

Ademais das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán aceptar as seguintes obrigas:



- Organizar e realizar en prazo a actividade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación, conservando os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude e cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
- Empregar o distintivo do Concello das Neves en tódalas actividades e comunicacións que promovan (publicacións, carteis, rótulos, etc.).
- O compromiso da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión de calquera actividade ou evento, así como, a recomendación do emprego do idioma galego.

Décimo Terceira. Forma e prazo de xustificación e abono da subvención

As subvencións concedidas serán aboadas unha vez sexa xustificado o gasto realizado, obxecto da subvención, cos documentos xustificativos que se regulen nas bases da presente convocatoria.

O prazo de presentación da xustificación dos gastos subvencionables finalizará o 15 de novembro de 2025 (sen perxuro de que os gastos sexan realizados durante o período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025, (ambos incluídos).

O importe a xustificar será superior ao 125% do importe de subvención concedida.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no certificado bancario aportado, previa presentación dos ANEXOS III e IV, xunto coa documentación que neles se require.

O investimento xustificado deberá coincidir co orzamento do proxecto presentado ao que se concedeu a subvención ou coas modificacións autorizadas; no caso de non se xustificar a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

O importe da subvención concedida aboarase, previa presentación, a través dos modelos normalizados, que estarán á súa disposición na páxina web do Concello das Neves, a seguinte documentación, asinada dixitalmente:

a) Conta xustificativa dos gastos na que se determinará o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as factura: n.º factura, data de emisión, proveedor, CIF, concepto, importe e data de pago (ANEXO III)

b) Declaración responsable para a xustificación da subvención. (ANEXO IV)

c) Facturas e formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (transferencias bancarias). As facturas deberán de cumprir coa normativa de facturación establecida no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con



eficacia administrativa.

d) Documento probatorio da difusión da colaboración do Concello na actividade subvencionada.

e) Os certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias (AET e Facenda) e seguridade social que deberán estar vixentes no momento da xustificación.

f) Memoria explicativa detallada das actividades realizadas, obxecto da subvención asinada electrónicamente polo Presidente ou representante da entidade beneficiaria da subvención.

g) Memoria económica indicando os gastos realizados e os ingresos obtidos, xunto cos documentos xustificativos dos gastos realizados asinada electrónicamente polo Presidente ou representante da entidade beneficiaria da subvención .

h) Certificación bancaria da conta da entidade beneficiaria onde se efectuará o abono da subvención.

Décimo Cuarta. Devolución e Reintegro de subvencións

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Ó obtelas falseando as condicións requiridas.
- Ó non aplicalas para os fins para os que foron concedidas.
- Ó incumplir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O reintegro das cantidades efectuarase de acordo co procedemento previsto no Regulamento Xeral de Recaudación.

Décimo Quinta. Réxime xurídico aplicable

As Bases da convocatoria e cantos actos administrativos que se deriven delas e das actuacións da Comisión de valoración poderán ser impugnadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, así como pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O Alcalde, Jose Manuel Alfonso González

(data e sinatura dixital ao marxe)

